

ARTE PRERROMÁNICA (ASTURIANA)

EDIFICIO: SANTA MARÍA DO NARANCO

AUTOR: Descoñecido

COMITENTE: Ramiro I


CRONOLOXÍA: Rematada no 848 (S.IX)

TIPOLOXÍA: Igrexa

MATERIAL: Pedra en sillares, sillarexo, mampostería

ESTILO: Prerrománico Asturiano (Ramirense) (SS.VIII-X)

LOCALIZACIÓN: Monte Naranco (Oviedo)



DESCRICIÓN FORMAL

A arte asturiana manifestase principalmente na arquitectura e recolle elementos de tradición visigoda, pero con achegas do Baixo Imperio Romano e influencias carolinxias, así como das artes aplicadas de influencia oriental bizantina. Esténdese principalmente nos SS.IX-X. É unha arte que se dá basicamente no reino de Asturias, e destaca tamén pola ausencia de calquera influencia musulmá.

1. Análise formal

Planta. É un edificio de planta rectangular de 20x6 m que se eleva sobre un alto zócolo ou pódium, que serve para compensar as irregularidades do terreo e que é unha influencia da arte tardorromana. A planta ten dous pisos: o superior ou planta nobre e o inferior ou cripta.

A **planta inferior (cripta)** está dividida en tres estancias:

- A central, máis ampla e de planta rectangular, está cuberta con bóveda de canón de pedra toba con reforzo de catro arcos faixóns que parten dun zócolo ou banco baixo que percorre todo o seu perímetro. Esta estancia estaría adicada a oratorio palatino, aínda que tamén se lle cita como cripta. Dispón de dúas portas, unha a cada lado da nave e non ten xanelas, polo que a iluminación é a que entra polas portas.
- As dúas estancias laterais teñen cuberta de madeira:

- a) A estancia situada ao oeste está illada da sala central. Ilumínase por catro pequenas xanelas con arcos de medio punto e só ten acceso a través dunha porta desde o exterior situada na fachada oeste. Descoñécese o uso desta habitación.
- b) A outra estancia situada, no lado leste, ten acceso desde a central a través dunha escaleira de tres chanzos ou por unha pequena porta de arco de medio punto situada na fachada lateral, xa que a estancia se sitúa nun plano inferior ao resto da planta (está por baixo do nivel do chan). O pavimento está lousado e había unha canle para conducir a auga polo que non é de estrañar que tivese unha función asociada cun baño real, cisterna ou caldarium. A sala dispón de varias xanelas, tres delas situadas na fachada leste e debaixo do miradoiro.

A **planta superior, nobre, Salón Real ou Aula Rexia**. Accédese a ela a través dunha escaleira exterior de dobre derrame situada no lado norte do edificio. A escaleira desemboca nun pequeno pórtico con tres dos seus lados abertos ao exterior, cuberto por tellado dunha soa vertente e dispón de dous altos contrafortes. No lado contrario existen os restos dunha estrutura similar.

A súa planta rectangular segue o mesmo deseño ca planta inferior e dispón de dous amplos miradoiros situados nas fachadas leste e oeste. Os miradoiros ou belvederes constitúen unha novidade tendo en conta que os tempos cara aos que se vai estarán marcados polo hermetismo e a opacidade. Estes miradoiros teñen un precedente nas vilas e palacios tardoimperiais e suponen unha relación entre o espazo interior e o exterior. En ámbolos dous ábrese un van trixeminado empregando columnas con capiteis de tradición corintia sobre os que descansan arcos de medio punto peraltados e con clave en forma de tau. Nas fachadas laterais ábrese un van en cada unha delas de iguais características. No miradoiro oriental consérvase un ara ou altar. Sobre os vans trixeminados pode observarse outro van das mesmas características pero de menores proporcións, de función descoñecida, é a chamada cámara do tesouro, un espazo ao que só se ten acceso desde o exterior e que se manifesta desde fóra pola existencia dunha xanela tripartita pechada en parte con celosías de pedra, constituíndo un elemento moi característico da arte asturiana.

Este piso superior é unha gran sala rectangular, o dobre de alta que a súa homóloga planta inferior, cuberta por bóveda de canón reforzada por sete arcos de faixa ou perpiaños que no interior trasladan os empuxes ás ménsulas que descansan nunha liña de imposta que percorre toda a base da bóveda e, no exterior, a cada un dos contrafortes que percorren a fachada tanto norte como sur. O material desta bóveda, que se repite nos miradoiros, é toba calcaria, pedra que facilita abovedar un espazo xerando o menor peso posible. A incorporación do arco de faixa será un adianto tendo en conta que en caso de afundimento ou derrube da bóveda sería máis doada a reconstrución.

Por baixo da liña de impostas, un conxunto de arquerías cegas de arcos de medio punto lixeiramente peraltados, con clave en tau e de dimensións lixeiramente decrecentes cara aos extremos, percorren o perímetro da sala reforzando o muro. A sala dispón de ata un total de sete arcos cegos en cada un dos seus lados maiores. Esta arquería cega é soportada por pares de columnas xeminadas con fustes sogueados e capiteis troncopiramidais invertidos. As columnas, á súa vez, levántase sobre unha pequena base prismática e sobre un pequeno zócolo que percorre o muro. Doutra banda, esta técnica construtiva non está exenta dun certo refinamento óptico e luxo.

2. Exterior

A cuberta é de dúas augas. Os muros están traballados con cantarías irregulares de areniscas e pedra calcaria. En cada unha das súas fachadas laterais álzase oito altos contrafortes estriados (catro a cada lado da porta) que se elevan desde o zócolo ata a cornixa, e que lle proporciona sensación de verticalidade.

3. Elementos decorativos: baixorrelevos situados nas enxugas e nos capiteis.

- a) Nas **enxugas**: bandas rectangulares e medallóns.
 - Bandas rectangulares, con escenas figurativas enmarcadas por sogueado. Están repartidas en dous rexistros: baixo arquiños, representacións humanas coas mans sobre a cabeza que parecen soste fardos ou a bagaxe dos cabaleiros polo que poderían identificarse cos *laboratores*, pero pode que o obxecto sobre a cabeza que

están suxeitando coas mans sexa a coroa de santidad, de xeito que se identificarían como *oratores*, os que rezan polo pobo cristián. Os *bellatores* son as figuras representadas a cabalo, con casco e lanza, a aristocracia que ten por misión a defensa do pobo cristián.

- Medallóns, situados baixo as bandas como elementos decorativos. Os entrelazos decoran os círculos así como a coroa circular, quedando a superficie circular interior para representar cuadrúpedos afrontados, animais alados, vexetais e xinetes en actitude de combate, temas de orixe oriental.
- b) Nos **capiteis** aparecen en dous rexistros animais de maiores dimensións –felinos- e outros máis pequenos – cánidos-. A figura humana, en posición frontal, traxe talar e caxato pode representar ao Bo Pastor, os félidos o perigo que ameaza ao rabaño e os cánidos os guías e auxiliares daquel. O sogueado cumpre nestes relevos, igual que en toda a plástica asturiana, unha función de enmarque.



A disposición da decoración en forma de bandas está inspirada nos bordados dos tecidos orientais que chegan de Antioquía, Alexandría e Constantinopla, moi aprezados nos ambientes reais. A presenza de animais afrontados está relacionada coa heráldica.

ENTORNO E INTEGRACIÓN URBANÍSTICA

Ubicada na vertente meridional do monte Naranco, en Oviedo, formaba parte dun conxunto arquitectónico para descanso e disfrute do monarca.

FUNCIÓN E SIGNIFICADO

Na súa orixe era un palacio mandado construír por Ramiro I. Este palacete era utilizado para a caza e para a entrega de ensígnas ao exército asturiano cando ían á guerra. Tamén manda construír nun lugar próximo a igrexa de San Miguel de Lillo. Ámbalas dúas construcións formarían parte dun amplo complexo palacego como lugar de descanso e de recreo, e non como sé da Corte. Sabemos a data do inicio das obras, o ano 848, e que a pouco da súa construción pasa a facer a función de igrexa, adicándose a Santa María (ca. 1150).

MODELOS E INFLUENZAS

Esta igrexa corresponde á arte asturiana cun conxunto de achegas que son preámbulo do románico: é unha arte de solución e estilo medieval. Santa María do Naranco, malia ser construída no 842, consérvase en bo estado por mor dos bos materiais empregados nela e como resultado é un edificio esbelto, elevado e elegante. Todo isto pon de manifesto a excepcional personalidade do autor, cuxa identidade descoñecemos, téndose buscado precedentes, contactos e influencias no mundo carolinxio, en Roma e en Oriente, sen que ata o de agora se teña clarificada a autoría dun edificio orixinal, xunto a San Miguel de Lillo e Santa Cristina de Lena, sen dúbida do mesmo autor. En canto ás técnicas de construción e sistema de ornamentación, o asturiano queda illado no desenvolvemento artístico de Occidente. O estilo é orixinal, co que se sentan as bases do que será o primeiro estilo internacional, o Románico, pois empregan a bóveda de canón con arcos faixóns, como sistema de cuberta preferente e os contrafortes exteriores.